



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Inglés para ciencias da saúde

Materia	Inglés para ciencias da saúde			
Código	P05G171V01303			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OP	3	1c
Lingua de impartición	Inglés			
Departamento				
Coordinador/a	García de la Puerta, Marta			
Profesorado	García de la Puerta, Marta			
Correo-e	mpuerta@uvigo.es			
Web				

**Descrición xeral** Inglés para Ciencias da Saúde é un curso para futuros/as fisioterapeutas que necesiten comunicarse cós/ás pacientes en inglés. O curso céntrase nas habilidades lingüísticas e comunicativas que os/as fisioterapeutas necesitan para que as consultas sexan máis eficaces.

Tamén proporciona amplas oportunidades para que os/as estudantes tome conciencia e practique a lingua inglesa en escenarios simulados. Para iso, este curso ensina ao alumnado a desenvolverse diferentes situacións comunicativas, como recibir ó/á paciente, elaborar un historial clínico, examinar a un/ha paciente, describir as opcións de tratamento etc.

O seu enfoque integrado das destrezas comunicativas desenvolve a autoconfianza do alumnado para levar a cabo con éxito encontros profesionais dentro dunha comunidade global de fala inglesa.

## Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía
B1	Saber traballar en equipos profesionais como unidade básica na que os profesionais e demais persoal das organizacións sanitarias estrutúranse dun xeito uni ou multidisciplinar e interdisciplinar.
B2	Incorporar os principios éticos e legais da profesión á práctica profesional e integrar aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
B3	Comunicarse de xeito efectivo e claro, tanto de forma oral como escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
B4	Adquirir formación científica básica en investigación.
C4	Coñecer e desenvolver a teoría da comunicación e as habilidades interpersoais.
C33	Integrar todos os coñecementos, habilidades, destrezas, actitudes e valores, adquiridos en todas as materias, desenvolvéndose todas as competencias profesionais e capacitando para una atención de fisioterapia eficaz con la realización de prácticas preprofesionais en forma de rotatorio clínico independente e cunha avaliación final de competencias nos centros de saúde, hospitais e outros centros asistenciais.
D2	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
D3	Recoñecemento á diversidade e á multiculturalidade
D4	Creatividade, espírito emprendedor e adaptación a novas situacións
D5	Desenvolver a capacidade de liderado e organización.

## Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Desenvolver as destrezas de comprensión oral e escrita, así como as destrezas de expresión oral e escrita en Inglés para as Ciencias da Saúde a nivel intermedio.	A2 A5	B3 B4	C4	D2 D4
Fomentar o desenvolvemento da lingua inglesa no ámbito das Ciencias da Saúde co fin de aplicala en situacións profesionais e, particularmente, durante unha consulta	A2	B1 B2 B3 B4	C4	D2 D3 D4 D5
Formación e capacitación profesional para traballar en contextos, institucións e centros de fisioterapia nacionais e estranxeiros relacionados co ámbito das Ciencias da Saúde.	A2	B1 B2 B3 B4	C4 C33	D2 D3 D4 D5

## Contidos

Tema	
0. Introducción á comunicación	Recoñecer os diversos elementos que constitúen a comunicación (comunicación verbal, non verbal, etc.) Comprender cómo unha boa comunicación beneficia a entrevista a un/ha paciente. Os numeráis. Vocabulario relacionado coa saúde e a sanidade.
1. Recibindo ó/á paciente.	Saudar ós /as pacientes e facer que se sintan cómodos/as. Presentarse e explicar o papel do/da fisioterapeuta. Facer a pregunta inicial e explicar os pasos da entrevista.
2. Motivo da visita.	Animar ós/ás pacientes a que se expliquen coas súas propias palabras. Entender e anotar adecuadamente o motivo da visita. Preguntar sobre o tipo e intensidade da dor. Utilizar técnicas como a facilitación, a repetición e a clarificación.
3. Historia médica do/da paciente e a súa familia.	Anotar a historia médica do/da paciente e a súa familia. Estructurar e explicar a consulta.
4. Examinar a un/ha paciente.	Preparar e dar confianza ó/á paciente durante o exame. Dar instrucións comprensibles e óptimas para ó/á paciente.
5. Dar resultados.	Explicar os resultados de maneira que os/as pacientes os comprendan e os lembren. Animar ós/as pacientes a que expresen os seus medos e preocupacións. Explicar a terminoloxía médica. Dar un diagnóstico.
6. Planificar o tratamento e pechar a entrevista.	Explicar o tratamento ó/á paciente. Barallar opcións. Describir os beneficios. Aconsellar sobre o estilo de vida. Negociar sobre o estilo de vida. Negociar sobre o tratamento. Pechar a entrevista.
7. Tratar temas delicados.	Tratar temas delicados sen prexuízos nin xuízos de valor. Saber ver e responder as sinais do/a paciente. Empregar as preguntas da técnica CAGE.
8. Habilidades escritas dun/dunha profesional da saúde.	Ortografía médica. Escribir notas a pacientes. Abreviaturas médicas estándar.
9. Presentacións profesionais.	Presentacións impactantes e eficaces. Estructurar unha presentación. Utilizar conectores para enlazar as partes. Ilustrar a importancia da linguaxe corporal e a xestión da voz para comunicar a mensaxe de forma clara e persuasiva.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminario	22	47	69
Aprendizaxe baseado en proxectos	21	44	65
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	4	5
Exame de preguntas obxectivas	1	4	5
Práctica de laboratorio	1	4	5

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

Descrición
Actividades introdutorias Presentación da materia: obxectivos, contidos, metodoloxía, criterios de avaliación etc. Realización dunha enquisa de análise de necesidades para detectar os coñecementos previos de inglés e descubrir os intereses e motivacións do alumnado.

Seminario	<p>Fomentarase a competencia comunicativa do alumnado mediante a posta en práctica das catro destrezas lingüísticas. Formulación, análise, resolución e debate de exercicios relacionados coa materia. Exposición oral por parte do alumnado dun tema concreto ou dun traballo relacionado coa materia. Utilización de vídeos e gravacións relacionados cos temas tratados como recurso metodolóxico importante.</p> <p>O uso das tecnoloxías da información (TI) en clase (recursos en liña, aplicacións de aprendizaxe de idiomas, plataformas virtuais de aprendizaxe, como MooVi etc.)/ etc.) mellorará a experiencia de aprendizaxe e ofrecerá aos estudantes a oportunidade de relacionarse co idioma de forma dinámica e interactiva.</p>
Aprendizaxe baseado en proxectos	<p>A aprendizaxe baseada en proxectos ofrece aos estudantes a oportunidade de participar en proxectos do mundo real que son significativos, atractivos e aliñados co plan de estudos. Os proxectos están deseñados para reflectir situacións da vida real, permitindo aos estudantes aplicar os seus coñecementos e habilidades para abordar problemas ou retos complexos. Fomenta a integración multidisciplinar: Os proxectos poden abarcar diferentes materias, o que permite aos estudantes ver as conexións entre varios temas e aplicar coñecementos e habilidades de diferentes áreas.</p>

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe baseado en proxectos	A atención personalizada estará centrada na solución das dúbidas que poida ter o alumnado, a orientar os seus esforzos na materia e aumentar a súa motivación de cara á aprendizaxe.
Seminario	A atención personalizada, basicamente, estará centrada en solucionar dúbidas, en orientar o traballo a realizar na materia, a levar rexistro e valorar o feito polo alumnado así como en aumentar a súa motivación de cara á aprendizaxe.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas e/ou exercicios	O/a alumno/a realizará tarefas e exercicios para poñer en práctica as destrezas lingüísticas e habilidades comunicativas en inglés.	30	A2 A5	B1 B3 B4	D2 D3 D4	
Exame de preguntas obxectivas	O/a alumno/a realizará probas tipo test para avaliar os coñecementos adquiridos.	20	A2 A5	B1 B2 B3 B4	C4	D3 D4 D5
Práctica de laboratorio	<p>Participación activa nas tarefas prácticas plantexadas. Presentación e exposición oral dun traballo e tarefas tipo `role play´ para poñer en práctica as destrezas lingüísticas e habilidades comunicativas en inglés.</p> <p>Nestas probas a profesora recollerá os resultados das actividades o proxectos realizados polo alumno ao longo do cuatrimestre. Estas actividades serán orais ou escritas e poderán realizarse en grupo e/ou individualmente. A porcentaxe será a seguinte:</p> <p>- Exposición oral dun traballo: 25%</p> <p>- Role play: 25%</p>	50	A2	B2 B3 B4	C4	D2 D3 D4

### Outros comentarios sobre a Avaliación

#### 1. Consideracións específicas

Existen dous sistemas de avaliación: continua e global (única). A elección dun sistema exclúe ao outro.

##### 1.1 Avaliación continua

Para poder acollerse ao sistema de avaliación continua é necesario **asistir ao 80% das horas presenciais** con aproveitamento e participación. Aquel/a alumno/a que non acade dita porcentaxe, perderá esta opción. O alumnado que se acolla á avaliación continua computaráselle o 100% da cualificación final cos traballos e probas do curso. A non realización das probas ou traballos ao longo do curso computaranse como un cero (0.0). Os traballos solicitados deberán entregarse ou presentarse nos prazos e datas marcadas.

##### 1.2 Avaliación global

O alumnado que non queira seguir a avaliación continua deberá notificalo por escrito seguindo o procedemento que

estableza a Facultade de Fisioterapia. A renuncia á avaliación continua deber realizarse na 5ª semana de docencia, o que supón que asumirá a avaliación global establecida na materia. Unha vez renunciada á avaliación continua non terá dereito á mesma, nin ás consideracións que nela establézanse.

A avaliación global, que realizarán aqueles/as alumnos/as que se acollan a ela, consistirá nunha proba global final que se desenvolverá na data oficial establecida pola Xunta de Facultade. Para iso o alumnado deberá consultar na web de devandito centro, onde se especifican o día, lugar e hora da celebración do exame.

## 2. Cualificación da materia

### 2.1 Avaliación continua

Os alumnos que se acollan á avaliación continua se lles computará:

**1)** Un 30% da cualificación final coa participación nas actividades de clase ou fora de clase ao longo do cuatrimestre: preparación e entrega de traballos para completar a unidade didáctica abordada, exposicións orais e outras tarefas (a entregar en man e/ou por Moovi). Os traballos solicitados deberán entregarse ou presentarse nos prazos e datas marcados. Os traballos non realizados ou entregados fora de prazo computaranse cunha cualificación de 0,0 puntos.

**2)** Un 20% da cualificación final con probas de preguntas obxectivas.

**3)** Un 50% con dúas probas finais: *role play (25%) e presentación oral (25%)*.

A nota final calcularase coa media ponderada das diferentes partes, debendo obter un **mínimo dun 4** en todas elas. De non ser o caso, a nota final da materia quedará truncada cunha nota máxima de 4,5 (sobre 10), aínda cando a media aritmética das probas sexa superior.

O alumnado que na primeira oportunidade (primeira edición das actas) obteña unha calificación inferior a 4 nalgunha(s) das partes deberá repetir a(s) parte(s) correspondentes no exame de xullo do curso académico actual para poder aprobar a totalidade da materia. De non superar a materia en dita convocatoria, o alumnado deberá examinarse da totalidade da materia en cursos posteriores, coa excepción da convocatoria extraordinaria de setembro.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senon tamén a súa corrección lingüística.

**Compromiso ético:** espérase que o alumnado presente un comportamento ético adecuado. En caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, por exemplo), a cualificación global será de suspenso (0,0).

### 2.2 Avaliación global

A avaliación global consistirá nunha proba global final (100%) que se realizará na data oficial fixada pola Xunta de Facultade.

Para o alumnado da avaliación global, esta proba final consistirá en:

1) unha proba escrita (50%)

2) unha proba oral (50%).

A proba oral terá lugar a continuación da proba escrita.

Para superar a materia, é requisito indispensable acadar unha calificación media de 5 puntos cun mínimo de **4 sobre 10** en cada unha das partes. De non cumprirse este requisito, a nota final da materia quedará truncada cunha nota máxima de 4,5 (sobre 10), aínda cando a media aritmética das probas sexa superior.

O alumnado que na primeira oportunidade obteña una cualificación inferior a 4 nalgunha das partes e suspenda, polo tanto, a materia, deberá examinarse da totalidade da materia nas seguintes convocatorias na data oficial fixada pola Xunta de Facultade.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas, senon tamén a súa corrección lingüística.

**Compromiso ético:** espérase que o alumnado presente un comportamento ético adecuado. En caso de detectar un comportamento non ético (copia, plaxio, utilización de aparellos electrónicos non autorizados, por exemplo), a cualificación global será de suspenso (0,0).

---

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

---

McCullagh, M., **Good Practice. Communication Skills in English for the Medical Practitioner. Student's Book.**, Cambridge University Press, 2008

---

### **Bibliografía Complementaria**

Black, A. & C., **Check your English Vocabulary for Medicine.**, 3rd edition, A&C Black Publishing, 2006

Glendinning, E.H. y B.A.S. HOLMSTÖM., **English in Medicine.**, Cambridge University Press, 2005

Glendinning, E.H., **Professional English in Use. Medicine.**, Cambridge University Press, 2007

Goodman, N.W. y M.B. Edwards, **Medical writing: A prescription for clarity.**, Cambridge University Press, 2006

Hull, M., **Basic English for Health Care Workers.**, Clyton International Consulting and Educational, 2005

HULL, M., **Dialogues and readings: an English language workbook for nurses and medical personnel.**, Clyton International Consulting and Educational, 2003

LONGMORE, Murray et al., **Oxford Handbook of Clinical Medicine.**, Oxford University Press, 2007

MEIER PENN, E., **Anatomy and physiology for English Language Learners.**, Pearson Longman, 2006

MILNER, M., **English for Health Sciences.**, Thomson Paraninfo, S.A., 2007

Parkinson, J., **Manual of English for the Overseas Doctor.**, Churchill Livingstone, 1999

Pohl, A., **Test your professional English.**, Penguin English, 2007

Ribes, R. y Ros, P., **Medical English**, Springer EDT, 2006

Villemaire, D. y Villemaire, L., **Grammar and writing skills for the Health Professional.**, Delmar/Thomson Learning, 2005

Garrido, J.A., **Diccionario de terminología médica inglés-español/español-inglés. Dictionary of medical terminology English-Spanish/Spanish-English**, 4ª, Escpaxs, 2006

McElroy, O.H., **Spanish-English-Spanish Medical Dictionary for PDA. Diccionario médico español-inglés-español para PDA**, 3ª, Lippincot Williams & Wilkins, 2006

Nolte-Schlegel, I., **Medical Dictionary: English-Spanish-Portuguese. Diccionario de medicina: Inglés-Español-Portugués.**, Springer Verlag, 2004

Rogers, G.T., **English-Spanish, Spanish-English medical dictionary. Diccionario médico inglés-español, español-inglés.**, 3ª, McGraw-Hill, 2007

**Cambridge Advanced Learner's Dictionary**, 2ª, Cambridge University Press, 2005

**Gran Diccionario Oxford. Español-Inglés/Inglés-Español.**, 3ª, Oxford University Press, 2007

<http://www.thefreedictionary.com>,

<http://www.englishmed.com>,

<http://www.englishclub.com/english-for-work/medical.htm>,

---

### **Recomendacións**

---

#### **Outros comentarios**

É conveniente que o alumno teña uns coñecementos previos de inglés equivalentes a un nivel intermedio de inglés (B1 dentro do Marco Europeo de Referencia para as Linguas).

Lémbrese que é obrigatorio o Manual de Texto que aparece no apartado de bibliografía básica.

Na avaliación terase en conta no só a pertinencia e calidade do contido das respostas senon tamén a súa corrección lingüística.

É responsabilidade do estudantado consultar os materiais disponibles na plataforma Moovi (novidades, documentos, cualificacións, etc.) e estar ao tanto dos avisos e das datas de realización das diferentes probas.